

Mércores, 18 de decembro de 2019

Núm. 242

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****RIBADUMIA****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***CALENDARIO DO CONTRIBUÍNTE 2020***CALENDARIO FISCAL DO CONTRIBUÍNTE PARA O ANO 2020**

En cumprimento do deber da administración tributaria de poñer a disposición dos contribuíntes a información necesaria para cumprir coas obrigas tributarias e fiscais, recollida no artigo 34 da lei 58/2003, de 17 de decembro xeral tributaria, e visto o artigo 62.3 da mesma lei, e o artigo 24 do real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación; no Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 17 de outubro de 2019 acordouse:

Primeiro.- Fixar como datas de comezo e final de cobranza, en período voluntario, dos padróns de tributos de cobro periódico e notificación colectiva correspondentes ao exercicio 2020, así como as datas para o cargo en conta dos recibos domiciliados nas entidades financeiras, as seguintes:

Taxa / Imposto		Data de inicio	Data de fin	Data de cargo en conta
AUGA	1º SEMESTRE 2019	15 de febreiro	20 de abril	10 de marzo
LIXO	2º SEMESTRE 2019	15 de marzo	20 de maio	10 de abril
IVTM	2020	15 de abril	20 de xuño	10 de maio
AUGA	2º SEMESTRE 2019	15 de xuño	20 de agosto	10 de xullo
IBI	2020	15 de xullo	20 de outubro	10 de setembro
IAE	2020	15 de setembro	20 de novembro	10 de outubro
LIXO	1º SEMESTRE 2020	15 de setembro	20 de novembro	10 de outubro
AUGA	1º SEMESTRE 2020	15 de outubro	20 de decembro	10 de novembro

Segundo. Ordenar a publicación do calendario do contribuínte para o ano 2020, no B.O.P. de Pontevedra, así coma no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello do Ribadumia, para a súa difusión e xeral coñecemento, sendo susceptible o mesmo de impugnación na vía contencioso-administrativa por quenes sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos, sen que a interposición do recurso interrompa a súa aplicación.-

Terceiro. Resérvase a esta Alcaldía-Presidencia a facultade de modificar o presente calendario cando motivos de índole técnica, debidamente xustificadas, impidan a xestión dos recursos económicos indicados nas datas sinaladas, informando de tal circunstancia aos cidadáns coa suficiente antelación.

Ribadumia, a 27 de novembro de 2019. (Asinado electrónicamente).

O alcalde-presidente,

David José Castro Mougán

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:2UG3YCK3MCHXY6JJ

